

Libros

Pedro Ramiro, Érika González e Alejandro Pulido, “La energía que apaga Colombia. Los impactos de las inversiones de Repsol y Unión Fenosa”, Editorial Icaria, 2007, 247 páxinas, ISBN: 978-84-7426-923-9.

Caes son as prácticas que empregan as transnacionais españolas en América Latina para protexe-las súas inversións? É cribel a imaxe corporativa que nos transmiten as propias empresas? Este estudo afunda nestas dúas cuestións arroxando datos esclarecedores e demoledores coa análise de dous casos especialmente duros por producirse en Colombia, un país con graves déficits en Dereitos Humanos, e polos impactos sociais, económicos e ambientais que van aparelados ás operacións de Repsol-YPF e Unión Fenosa.

Este libro analiza os efectos da globalización de finais do século XX que nos está deixando unha situación sen precedentes cunhas profundas diferenzas entre o nivel de vida dunha minoría acomodada e o dunha maioría que apenas dispón dunhas condicións mínimas para vivir. Un sistema baseado na explotación do Norte sobre o Sur que, ademais, se revela totalmente insostíbel a longo prazo. A isto ha que engadirlle a progresiva perda de capacidade de decisión e de soberanía dos Estados-nación e o incremento de poder e de influencia das transnacionais sobre as políticas económicas e sociais.

Pedro Ramiro, Erika González e Alejandro Pulido realizan un magnífico estudo sobre as actuacións de Repsol-YPF e Unión Fenosa no país andino, con datos e documentación que contrastan coas prácticas das transnacionais no terreo e que nos permite albiscar o que sucede cando as grandes empresas entran a operar en países en vías de desenvolvemento, onde se implantan as políticas neoliberais. Os autores dividen o libro en dúas partes a fin de explicar da mellor maneira posible a aterraxe das empresas españolas en América Latina a principios dos noventa e as consecuencias desta “reconquista” que prometía un maior desenvolvemento e beneficios sociais que, case vinte anos despois, non se adiviñan na realidade latinoamericana, senón máis ben todo o contrario co continuo aumento das brechas de pobreza na poboación.

A división coa que os autores presentan o estudo sérvenos para comprender o proceso que se deu na economía e nas empresas españolas dende finais dos oitenta ata a actualidade, tempo no que España pasou de ser un receptor de inversións estranxeiras a se converter no principal inversor en América Latina nos anos 1999 e 2000. Neste contexto sitúase a primeira parte do libro, onde se analiza o proceso de liberalización que sufriu a economía española dende a súa entrada na Comunidade Económica Europea a mediados dos oitenta; a prepara-

ción lexislativa para o despegue das empresas españolas e a posterior aterraxe no mercado latinoamericano.

Ilústrase este proceso de cambio da economía española con numerosos datos que reflicten o poder económico das trasnacionais españolas e que nos desvelan as principais estratexias de inversión e as zonas onde decidiron actuar. Zonas que non responden á histórica e suposta irmandade existente entre España e as súas antigas colonias, senón que foi unha decisión que estivo promovida pola aplicación das receitas neoliberais do denominado "Consenso de Washington" en América Latina, entre as que resaltaban a privatización das empresas estatais a fin de facilitar a entrada de capital estranxeiro.

Do mesmo xeito, se reduciu o intervencionismo estatal na actividade produtiva. Os Estados latinoamericanos puxeron en marcha procesos drásticos de privatizacións quedando a inversión estranxeira como a principal vía de financiamento. Estas dinámicas no subcontinente americano coincidiron no tempo coa reestruturación das empresas españolas entre as que se produciron numerosas fusións e privatizacións que as fixeron crecer en capital e estar en condicións de competir noutros mercados. A análise que se fai das empresas españolas se centra nos principais sectores exteriores da economía española, tales como a banca, os servizos e a enerxía, e nas súas prácticas de asentamento nos mercados latinoamericanos onde as esixencias laborais e ambientais eran practicamente nulas para atraer así a inversión. Por suposto, estas políticas de atracción da inversión estranxeira carrearón consecuencias sociais e económicas que os autores nos mostran antes de pasar ao caso particular de Colombia.

Por que Colombia? Colombia é o terceiro país máis poboado de América Latina e goza dunha privilexiada situación estratéxica ao ter saída ao dous océanos, ademais de ser un punto chave con América Central. É a democracia máis antiga de Sudamérica e unicamente tivo unha ditadura militar nos anos cincuenta. Todo isto deberíamos facer pensar nas potencialidades dun país de enormes dimensións e cunha riqueza natural única no mundo.

Sen embargo, o país vive un longo conflito armado que deixou millóns de desprazados internos e miles de asasinados e desaparecidos. Neste brutal conflito interveñen tres axentes: guerrillas (FARC-EP e ELN), paramilitares e o Estado. As actuacións destes grupos armados obriga á poboación a se desprazar do seu lugar de orixe e abandonar as súas terras. As zonas onde se producen os índices máis altos de desprazamento son aquelas onde existen recursos estratéxicos atractivos para as inversións estranxeiras: petróleo, palma de aceite, auga, minas de ouro e carbón.

A mediados dos noventa comezaron aplicarse medidas económicas neoliberais en Colombia co obxectivo de pasar dunha economía de autoabastecemento a unha de exportación de materias primas. As predicións non se cumpriron e se produciu unha parálise do tecido produtivo e agropecuario. Co goberno de Andrés Pastrana (1998-2002) e co primeiro mandato de Álvaro Uribe Vélez

(2002-2006), intensificáronse as privatizacións de empresas públicas. Por todo isto Colombia é un caso paradigmático para o estudo dos efectos das inversións das transnacionais españolas.

Cando os autores entran a expor os efectos concretos das actuacións destas transnacionais en Colombia se nos revelan os graves impactos que comunidades e medioambiente sofren cas inversións das empresas estranxeiras no país. É un estudo pormenorizado das políticas das dúas transnacionais españolas e dos seus efectos directos no país, sacando á luz casos descoñecidos no noso Estado pero dunha grande dimensión social, humana, económica e medioambiental en Colombia. Así, faise un estudo individualizado de Repsol-YPF e de Unión Fenosa xa que, ao operar en sectores distintos, enerxía e servizos, os seus impactos tamén tocan distintos aspectos da vida colombiana.

Mentres o estudo sobre Repsol-YPF céntrase en tres eixes: dereitos humanos, comunidades indíxenas e ambiente. No caso de Unión Fenosa, se analizan os impactos laborais, ambientais e sociais. Os casos das empresas que aquí se nos presentan poderían ser exportábeis a calquera outra transnacional que opere no continente latinoamericano. A exposición dos casos particulares das operacións de ambas empresas demostran un excelente coñecemento da realidade colombiana polos autores, quen abordan as problemáticas dende múltiples perspectivas e vertentes mantendo ao longo de todo o libro un contacto moi próximo cas poboacións afectadas.

Faise fincapé ao longo do estudo das actuacións dos paramilitares e do exército colombiano sobre poboacións de campesiños e indíxenas que favorecían as actividades das dúas transnacionais, se ben tamén se sobrancea que en ningún momento se probou a conexión directa entre as matanzas organizadas polos paramilitares e un coñecemento e/ou financiamento por parte das transnacionais españolas. O estudo é moi coidadoso á hora de lanzar implicacións directas sobre as relacións entre transnacionais e paramilitares, pero as evidencias dos datos e actuacións fan que pensemos ate que punto son coñecedoras as transnacionais españolas das actuacións dos grupos paramilitares que acostuman a nacer onde existen intereses económicos de grandes empresas. O que si queda reflectido é que nunca existiron pronunciamentos de condena das transnacionais unha vez que os paramilitares actuaban sobre a poboación civil, provocando desprazamentos forzados e realizando matanzas. Ante estas situacións os autores pregúntanse ata onde chega realmente o compromiso das transnacionais cas súas prácticas de Responsabilidade Social Corporativa en Colombia, sendo estas políticas unha das súas principais liñas de mercadotecnia para promover as súas inversións no país andino.

Dende logo, este libro preséntanos como un gran documento de análise e de denuncia que haberá que ter en conta cada vez que queiramos aproximarnos á realidade das operacións das transnacionais e da situación actual de Colombia, co fin de poder entender que é o que sucede cando as transnacionais entran nos países en vías de desenvolvemento sen que ningún organismo internacional exerza control sobre

as súas actuacións. Como din os autores nas súas conclusións, este estudo non é máis ca un exemplo das tendencias globais e, no caso de analizar outras empresas noutros países, as conclusións serían igual de devastadoras, polo que é necesario desmitificar as versións que nos chegan dende a oficialidade. É dicir, as transnacionais non son un elemento que contribúa a diminuír as desigualdades no mundo, senón que responden a un sistema económico global baseado na lóxica do máximo beneficio sen ter en conta as súas consecuencias sociais.

Javier Cabrera.

Daniel Pereyra, "Mercenarios: Guerreros del Imperio", Editorial El Viejo Topo (España), 2007, 294 páxinas, ISBN: 978-84-96831-45-2.

A asunción dos "exércitos privados" como unha versión moderna dos tradicionais mercenarios, está a modificar os parámetros da guerra moderna. Dende Colombia ata Afganistán, esta modalidade xorde como o verdadeiro motor do negocio da guerra, principalmente dende a perspectiva dos intereses de EUA, dos seus países aliados e das grandes multinacionais.

Roberto Montoya, quen prologou este libro do escritor arxentino Daniel Pereyra, explicaba como "a industria cinematográfica e, especialmente aínda que non exclusivamente, Hollywood, mitificou desde o seu nacemento e ata os nosos días a *profesión* de mercenario". Montoya argumenta así como o mercenario posúe para as altas esferas do poder e determinados sectores sociais, o útil "prestixio social" que lle permite xustificar e lexitimar a seu "labor".

Que os exércitos privados e os mercenarios están a modificar o paradigma da guerra moderna e global, cunha manifestación atroz cara á situación dos dereitos humanos, é unha realidade ineludible que Daniel Pereyra denuncia neste libro. A súa longa militancia política de esquerdas e prolífica labor intelectual permiten a Pereyra ofrecer unha visión completa deste fenómeno e desentrañar con eficacia a orixe, natureza e "necesidade profesional" dos mercenarios actuais.

A "privatización da guerra" no século XX, especialmente tras a II Guerra Mundial, perfecciona o seu modelo a través da creación das Corporacións Privadas Militares (CPM), moi en voga tras os conflitos bélicos e a posguerra en Afganistán (2001) e, especialmente, en Iraq (a partir de 2003). O mercenario semella así cotizarse como unha "profesión" de prestixio e elevada remuneración salarial, concibida cara a determinados obxectivos e desprovista de principios morais ou ideolóxicos.

Para fortalecer a orixe das CPM, Pereyra ofrece unha visión histórica contemporánea das intervencións de EEUU e os seus aliados en rexións como América Latina, África, Asia e Oriente Medio, como preludio da "guerra global"

actual que augura o "asalto do Imperio ao mundo". As CPM corresponden así a un vehículo de expansión do capitalismo global dende a variante bélica, especialmente para os grandes fabricantes de armas e multinacionais como Chevron Texaco e British Petroleum, amparados polos seus respectivos intereses comerciais e xeopolíticos.

Ante o contexto político internacional actual, en gran medida determinado pola unilateral "guerra internacional contra o terrorismo", non deixa de ser significativo que as violacións de dereitos humanos no mundo pos-11/S e a lexitimación da tortura dende Washington, a través das prisións de Guantánamo, Bagram (Afganistán) ou Abu Ghraib (Iraq) e os secuestros ilegais da CIA, corresponden a condicións clave que Pereyra outorga ás CPM: a "deshumanización da guerra"; a desaparición de límites entre contendentes militares e a pooboación civil; as desaparicións e a aplicación de torturas sistemáticas como método bélico e político.

Dentro deste contexto de guerra global principalmente promovido dende Washington, resulta patente como as CPM posúen a protección e promoción oficial de figuras públicas, especialmente da actual administración de George W. Bush, tales como o seu vicepresidente Dick Cheney e o seu ex-secretario de Defensa Donald Rumsfeld. As guerras de Afganistán e Iraq serviron a varios destes funcionarios de alto nivel como vehículos de transmisión dos seus particulares intereses económicos e políticos.

No aspecto sociolóxico, resulta interesante a análise aplicada por Pereyra sobre a procedencia social dos mercenarios que forman parte das CPM. Normalmente considérase a súa escasa formación educativa e baixa condición social, elemento refutado por Pereyra ao sinalar como determinados mercenarios forman parte dunha elite social e profesional, cuxos móbiles de acción sitúanse na ambición de enriquecemento e o "prestixio social" a través da participación en conflitos bélicos que reforzan o labor "patriótico" e os intereses de seguridade non exclusivamente dos seus países de orixe senón das corporacións nas que traballan.

Así, o ránking de potencias proveedoras de mercenarios está liderado por países coma EUA, Gran Bretaña, Israel, África do Sur, Rusia ou Colombia, incluso utilizando organismos globais como a OTAN para perpetuar as súas actividades. O libro ofrece un listado de grandes empresas de servizos de mercenarios, explicando a súa orixe, procedencia e nivel de actividades.

Mercenarios, voluntarios pagados ou soldados de fortuna, calquera sexa a súa denominación etimolóxica, a privatización da guerra e da profesión paramilitar ocupa un lugar predominante na guerra global actual. Como comenta Pereyra, os pobos do mundo e os dereitos humanos son os grandes prexudicados desta modalidade bélica e militar, que conta co amparo legal e político dos grandes poderes mundiais.

Roberto Mansilla Blanco.

Michael Reid: "Forgotten Continent: The Battle for Latin American Soul", Yale University Press, 2007, 384 páxinas, ISBN: 978-0-300-11616-8.

“O continente esquecido”. Así titula o seu libro o británico Michael Reid, editor desde 1999 da sección sobre as Américas no semanario *The Economist*, con experiencia como correspondente para a BBC e o diario *The Guardian*. Un libro que transita pola experiencia xornalística do autor dentro dunha perspectiva de investigación destinada a explicar a realidade de América Latina.

Na actualidade, resulta escasa a aparición de autores anglosaxóns que traten os asuntos latinoamericanos. A preponderancia de China, India, Oriente Medio ou o terrorismo internacional copan os principais títulos editoriais, deixando (con algunhas excepcións) a dinámica de cambios que está a vivir América Latina limitada ao simple tratamento informativo e xornalístico. Semella que, tras o final da guerra fría e coa consolidación democrática no continente, a súa dinámica deixou de ser obxecto de interese, agás cara a determinados líderes e procesos, algúns deles tratados con certo afán pintoresco.

Velaí que Reid comece cunha ampla reflexión sobre a escasa importancia que os asuntos latinoamericanos ocupan na atención dos grandes *mass media*, así como de diversos líderes políticos. Significativa resulta a súa cita dunha frase de Richard Nixon realizada a “un mozo Donald Rumsfeld” en 1971: “América Latina non importa... A xente non dá nin sequera un insulto por América Latina agora”.

Aínda que matizando, Reid vese na obriga de validar esta aseveración de Nixon, aínda que sen afondar exhaustivamente nas causas deste “esquecemento” mundial cara a un continente de 550 millóns de habitantes. Especial énfase ten o autor en tratar diversas peculiaridades latinoamericanas que serven de atención para o mundo, especialmente no sentido histórico e cultural, e que permiten achegarse á realidade política, social e económica latinoamericana.

A satisfactoria aceptación xornalística e intelectual de *Forgotten Continent...* (de próxima tradución ao español) seguramente servirá de “carta de navegación” para aqueles que desexan realizar unha aproximación, máis ca preliminar, sobre América Latina. Reid conxuga con habilidade o seu excelente manexo da historia política, cultural e social latinoamericana, incluso á hora de analizar os seus mitos, autóctonos e eurocentristas, que forxaron a identidade do que o autor pluraliza como “as Américas”. “Unha América Latina ou varias Américas Latinas?”, pregunta recorrente dun Reid que aflora na riqueza da diversidade latinoamericana, a fin de atopar unha definición.

Dende a perspectiva occidental, inclinada cara a democracia representativa e o liberalismo económico e político, América Latina segue a presentarse, incluso cun ton despectivo, como un “laboratorio” de modelos. Con modelos e procesos en marcha, xorden factores endóxenos como a tentación revolucionaria, a resposta refor-

mista, o indixenismo, a expansión dos credos evanxélicos e o ascenso dunha nova clase media nun continente con grandes desigualdades socioeconómicas.

Todos estes elementos permiten a Reid definir este momento de cambios no seu subtítulo, "A loita pola alma de América Latina", que serve como complemento para entender o que sucede neste "continente esquecido".

Nas súas análises dirixidos para a comprensión dos diversos procesos que vive o continente, Reid non escapa dos tópicos tradicionais, sen agochar as súas preferencias. Así, entre a socialdemocracia chilena e o "socialismo bolivariano", por exemplo, o autor non dubida en se decantar polo primeiro. Critica o fracasado "consenso de Washington" da década de 1990 tanto como o recente retorno do populismo, resposta inmediata daquel falso "consenso". Reid observa en Chávez un retorno do vello populismo latinoamericano pero provisto dun enérxico discurso e unha alternativa real á "democracia liberal e representativa", enmarcada en países como Chile e Brasil.

Reid cre no futuro "positivo" de América Latina, plasmado na súa recuperación económica, nos seus avances cara o progreso socioeconómico, nunha activa integración continental autóctona e multisectorial e na consolidación democrática, sexa esta representativa ou participativa, en fase de ampliación popular e social. O autor observa as potencialidades reais do "novo momento latinoamericano" e o seu lugar no mundo, especialmente ante o imparabile ascenso de potencias emerxentes, como é o caso de Brasil.

Como toda dinámica plural e diversa, América Latina avanza paso a paso en redescubrir as súas identidades e potencialidades. Reid define este momento citando ao político arxentino Juan Bautista Alberdi, quen en 1837 escribiu: "As nacións, como os homes, non teñen alas; fan as súas viaxes a pé, paso a paso". En 2008, camiño ao bicentenario das independencias iberoamericanas, América Latina avanza cara a outra independencia, para non ser considerado un "continente esquecido".

Roberto Mansilla Blanco.

Serge Latouche, "La otra África, autogestión y apaño frente al mercado global", Oozebap, Barcelona 2007, 270 páxinas, ISBN: 978-84-611-4830-1.

O "afropesimismo", impulsado pola a nostalxia colonial dalgúns e a decepción provocada polo fracaso dos estados independentes doutros, suscita reaccións entre os principais actores internacionais e nacionais, dende as ONG, os defensores enérxicos da economía ortodoxa, os expertos e expertas en desenvolvemento así como entre as propias elites africanas. Reaccións baseadas en feitos, polo menos moitos deles, incuestionábeis, como a quebra da África oficial.

Esta quebra denunciada dende a época da independencia por René Dumont, é tanto económica como política.

O seu fracaso económico reflíctese nas cifras oficiais: o PIB do toda África Subsahariana é inferior ao de Bélxica; a súa produción agrícola é débil e o seu crecemento é inferior ao crecemento da súa poboación, situado nun 3% anual. No ámbito industrial, a situación non é moito mellor: as empresas nacionais son sistematicamente saboteadas, as empresas públicas están case que todas elas condenadas a ser desmanteladas ou privatizadas, como consecuencia, en moitos casos, da imposición dos plans de axuste estrutural do Fondo Monetario Internacional.

Por outra banda está o fracaso do Estado moderno, legado dos anos de colonización. As súas institucións políticas, administrativas e xudiciais foron impostas nunha realidade social que dista moito da concepción da nación no sentido occidental e non acadaron os resultados esperados.

Sen negar a desolación africana, vítima do proxecto modernizador e do triunfo de Occidente como potencia real e imaxinaria a nivel planetario, pola que África está destinada a se converter no vertedoiro que Occidente precisa para absorber a súa contaminación⁽¹⁾, Serge Latouche, profesor de economía na universidade de Paris-Sud e un dos principais teóricos franceses do decrecemento, preséntanos a *outra África*. A África dos excluídos da economía mundial e da sociedade mundial que non se rende e que, aínda que sexa a contracorrente, vive e quere vivir. A África da bricolaxe e do apañío en todos os ámbitos e en todos os niveis, entre o intercambio, a doazón e o mercado, entre os rituais oblativos e a globalización da economía.

Analizando e criticando tanto de xeito teórico como práctico as consecuencias do imperialismo economista, o autor remata, a través de seis ensaios, denunciando o laboratorio de posmodernidade no que se converteu o continente.

Así, Latouche, preséntanos outras perspectivas de futuro e outras concepcións diferentes que poderían ofrecer outros destinos aos países africanos.

Rosa María Villaronga.

(1) SMITH, Stephen: *L'Afrique poubelle*, l'Etat du monde, La Découvert, París, 1991.